



Florencio Delgado Gurriarán  
#LetrasGalegas2022



FLORENCIO  
DELGADO  
GURRIARÁN



TESOURO  
DE LEMBRANZA

GUÍA  
DIDÁCTICA



XUNTA  
DE GALICIA



Xunta de Galicia  
Consellería de Cultura, Educación e Universidade  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

**Textos**

Débora Álvarez Moldes e Xulio Pérez Veiga

**Imaxes**

Arquivo familiar Delgado Gurriarán. Arturo Souto.  
Isaac Díaz Castro. Reimundo Patiño. Julio Maside.  
José Luís de Dios. Roi Domínguez.

**Produción**

Ouvirmos SL

**Deseño**

Aborixe Comunicación

**Depósito legal**

C 456-2022

**Impresión**

Anovadas SL

**Santiago de Compostela, 2022**

# ÍNDICE

**3** Presentación • **4** Biografía • **9** Os primeiros anos • **11** Ruada • **14** A conciencia galeguista • **17** Bebedeira de versos • **19** Non! • **22** Hai sede na Nova Galicia • **24** Os novos vieiros • **27** Galicia é infinda • **30** O soño do guieiro • **32** O regreso • **34** Bibliografía e webgrafía

## PRESENTACIÓN

A Real Academia Galega escolleu o poeta valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán como o persoeiro homenaxeado no Día das Letras Galegas en 2022. Tivo en conta para isto, amais da súa obra literaria, o seu labor como defensor da nosa lingua desde o exilio americano, onde traballou arreo para que a luz da nosa cultura non se apagase tras a guerra fratricida, unha guerra que provocou a fuxida de tantos galegos e galegas que querían vivir en paz e democraticamente. Foi, por tanto, en palabras da propia institución, “un autor cuxo labor literario e activismo político e cultural constitúen un dos capítulos máis destacados das letras galegas da diáspora” e “un excelente poeta e cultivador dun galego enxebre característico das terras de Valdeorras”. Esta salienta tamén o seu labor “como ponte entre a Galicia interior e a Galicia exiliada”.

A presente exposición de carteis e a unidade didáctica sobre a vida e a obra de Delgado Gurriarán ten como obxectivo que o alumnado coñeza a súa figura. Desexamos que axude a xermolar a curiosidade pola nosa cultura e polas afastadas terras de Valdeorras.

Cada cartel contén un aspecto fundamental da vida ou da obra do autor valdeorrés, que se completa coa información aparecida nesta guía, de modo que se recomenda un traballo coordinado entre os dous documentos. Os textos de apoio, na súa maior parte poemas, reflicten a súa liña poética e o seu pensamento político.

Estamos seguros de que este traballo, feito desde a humildade pero con todo o cariño que lle profesamos ao poeta corgomés, sexa de utilidade e sirva para afondar no coñecemento da historia da cultura galega do século XX.

# BIOGRAFÍA

## FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Florencio veu ao mundo en Córghomo, o 27 de agosto de 1903, no seo dunha familia de clase media acomodada. El e mais os seus catro irmáns foron educados no respecto á terra, ás tradicións e ao idioma galego. Seu pai era enxeñeiro agrónomo e desenvolveu traballos en Ourense, Palencia e Valladolid, sempre acompañado de toda a familia.

Coa carreira de Dereito rematada, Florencio regresou a Valdeorras en 1928. Comezou a traballar no despacho do avogado Segundo Trincado como pasante, mentres preparaba unhas oposicións para rexistrador da propiedade.

O poeta deseguida se integrou na vida social de Valdeorras e empezou a participar nas súas actividades culturais e sociais: en asociacións veciñais, en compañías de teatro afeccionado, en grupos de canto e na vida deportiva de Córghomo.

Esta época vai coincidir coa súa formación política e intelectual. Desde que lera o xornal *A Nosa Terra* en Valladolid, xa asumira o ideario das Irmandades da Fala. Entra a formar parte do Seminario de Estudos Galegos e colabora na creación e cimentación dunha cultura galeguista na comarca e na provincia de Ourense.

Os seus primeiros pasos na política foron da man de seu tío Manuel nas eleccións municipais de 1931. Pouco despois virían os mitins ao lado de Otero de Pedrayo e de Alexandre Bóveda, a campaña en prol do Estatuto de autonomía e outras moitas accións; sempre asumindo o ideario do Partido Galeguista, ao que se afilia no 1933 e ao que non vai deixar de pertencer ata a súa morte. Nel chegará a ocupar cargos de moita responsabilidade.

Nos anos trinta comezan a aparecer as primeiras publicacións poéticas do autor, a maioría no *Heraldo de Galicia* e outras na revista *A Nosa Terra*. Algúns destes textos son os que despois conformarán o poemario *Bebedeira* (1934).

En xullo de 1936, tras o alzamento militar, os acontecementos obrigaron a moitas persoas a tomar decisións rápidas e drásticas para non deixaren a súa vida nas mans dos sublevados. As terras de Córghomo logo se converteron nun foco vixiado e de represión dos falanxistas. Florencio nun primeiro momento escapou a Zamora e de alí a Valladolid, mais a falla de noticias fixo que quixese achegarse de novo. Non pasou de Ponferrada, onde escoitou da boca de seu irmán Lucio as novas das mortes de amigos e



Na porta da casa Gurriarán, ca. 1934

veciños e a persecución que estaba a arrasar a comarca. Non había máis opción que fuxir. Consequiuno grazas a un familiar que traballaba na construción do ferrocarril; emulando ser un traballador máis, pasou a Tourem e de alí ao Porto. Despois logrou embarcar rumbo a Bordeos nun barco noruegués.

Os primeiros meses en Francia pasaron entre Bordeos, onde recibiu a documentación no Consulado Republicano Español, e París, onde se atoparía con compañeiros da loita cos que artella un plan para pasar a España e alistarse no exército republicano en Barcelona. Vai ser aquí onde Florencio comeza a súa carreira militar no Servizo de Información Periférico da Secretaría de Información do Estado maior do Exército de Terra. Reencóntrase con Castelao e traballa de enlace entre a zona vencida e a fronte republicana.

Nun primeiro momento, o seu labor foi traer os homes que seguían a loitar no monte galego e os exiliados en Portugal para reforzar o exército republicano. Pasou a Francia outra vez con esta encomenda, mais os acontecementos precipitáronse e a derrota chegou. Daquela, a súa nova tarefa foi traballar de elo para artellar a saída dos refuxiados da fronte e da retagarda cara a América, seguindo o mandato da Solidaridade Galega Antifeixista. No *Ipanema*, un deses barcos que axudou a salvar os perdedores na contenda, abandonaba Bordeos Florencio canda 997 exiliados máis, rumbo a México.

Tras unha longa viaxe, chegan ao porto de Veracruz. Florencio reencontrouse co cineasta Carlos Velo, a quen coñecera en Barcelona mentres traballaba no Servizo de Evacuación de Refuxiados, e el buscoulle traballo en Toluca nese mesmo sindicato. Despois de seis meses, instalouse na capital cun novo traballo de vendedor de fertilizantes, que lle permitiu viaxar por todo o país.

Durante a guerra, o noso poeta publica no xornal *Nueva Galicia* textos de corte social e reivindicativo, de denuncia da barbarie franquista. Algúns deles atoparémolos despois no *Cancioneiro da loita galega* (1943) e en *O soño do guieiro* (1986).

Se cadra pola escasa posibilidade de actuación política, o grupo mexicano centrou o seu esforzo nas empresas culturais. Florencio entrou de cheo na vida da comunidade galega en México. Intégrase no Grupo Saudade e na Irmandade Galeguista de México; a súa primeira empresa foi a revista *Saudade* (en xullo de 1942), con Carlos Velo, Ramiro Illa Couto, Ramón Cabanillas fillo e Roxelio Rodríguez de Bretaña.

Nestes anos Florencio coñece a Celia, tamén de orixe galega, coa que vai formar unha familia, un novo fogar no país de acollida. Pasou por múltiples ocupacións: foi vendedor de calzado, de aceites, de seguros e de roupa, ata que finalmente chega á empresa farmacéutica Queralta Mir, onde traballará o resto da súa vida, primeiro en México DF e logo na cidade de Guadalajara, a onde se mudaría en 1951.


O proxecto máis importante do exilio mexicano foi a fundación do Padroado da Cultura Galega en 1953. A través desta entidade, botaron a andar un programa radiofónico, ofrecían cursos de lingua galega, facían mostras de arte, de cinema etc. O seu labor máis salientable foi a edición da revista *Vieiros*, un fito importantísimo na salvagarda da cultura galega pola súa modernidade e calidade. Nace con Velo, Soto e Florencio na directiva e cunha filosofía clara: deixar participar "calquera idea literaria, artística e filosófica sempre que fose antifascista e non apoiase a ditadura".

Nesta época o noso escritor, ademais de desenvolver un importante labor como editor e director das devanditas publicacións, tamén inicia unha nova xeira poética

cos seus “poemas crioulos”, que foi dando a coñecer nelas e que logo compilaría en *Galicia infinda*.

A finais dos sesenta comeza a planear unha viaxe a Valdeorras. Ía ser a primeira vez en 30 anos que regresase á terra e facíao soñando cunha volta definitiva. Nesta ocasión non se dedicou só a reunirse con familiares e amigos, senón que tamén aproveitou para retomar a súa relación cos galeguistas que ficaran no país.

A esta viaxe seguiuna outra acompañado da súa muller en 1976. O Estado estaba a reestruturarse tras a morte do ditador e Florencio quixo coñecer de primeira man os pasos que pensaban dar os galeguistas e ofrecerlles o seu traballo e o do grupo mexicano.



Florencio Delgado Gurriarán en Sargadelos, 1981

A súa derradeira visita será xa en 1981; volve cheo de agradecemento e de ledicia, pois fora recoñecido como membro de honra dunha institución que el levaba no corazón, o Instituto de Estudos Valdeorreses, e ía ser nomeado membro correspondente da Real Academia Galega. Esta viaxe coincide coa publicación da súa obra *Cantarenas*, unha compilación de homenaxe a Valdeorras.

Cruza outra vez o Atlántico e nunha visita a California, onde vivía unha das súas fillas, morre

en 1987, aos 84 anos. Finalmente, o seu corazón non puido máis; xa dera sinais de alerta na segunda visita a Galicia, cando tivera que pasar dous meses nun hospital en Madrid. Desde aquel aviso aínda tivera tempo para o seu derradeiro traballo, *O soño do guieiro*, o máis sentimental e combativo, que lle dedicou a Castelao en 1986.

Meses despois da súa morte, as súas cinzas foron soterradas en Córghomo. Volvía así o poeta á súa terra, onde pasará a eternidade enchendo os ollos da paisaxe que tanto arelou.

## PARA COMEZARMOS A NOSA VIAXE...

Florencio naceu en Córghomo, unha aldea do concello de Vilamartín de Valdeorras, na provincia de Ourense. Limita polo norte coa comarca de Quiroga, polo oeste coas Terras de Trives, polo sur coa comarca de Viana do Bolo e polo leste coa histórica comarca do Bierzo en León.

### Primeira parada desta viaxe. A paisaxe de Valdeorras

- Podedes sinalar os nomes xeográficos que aparecen neste poema?

Con ruda refrega a "Lastra"  
o ventre das súas ladeiras,  
ten unha enchente de inverno  
e ceiba arrotos de brétema.

"Montouto", vello petrucio,  
ten un proído dos diaños,  
róenlle as virillas as cabras  
cal se fosen carrapatos.

Aos espantallos das nubes  
"Pía o Paxaro" sen medo,  
peteira os grans das estrelas  
entre as searas do ceo.

A testa de "Manzaneda"  
fuma o tabaco das bouzas,  
e ata o ceo bota chamás  
e fume pola cachopa.

A pena "Trevinca" tense  
por mellor moza cás outras  
e failles tolos acenos  
de burla ás montañas todas.

A serra do "Eixe", que ve  
de lonxe aqueles acenos,  
un desafío lle manda  
polo correo do vento.

*"Cousas das serras", Bebedeira*



- Para seguides investigando sobre a paisaxe valdeorresa, buscade Valdeorras en *Google Earth* e sitúade no mapa os puntos sinalados na tarefa anterior.
- Se vos quedan folgos, analizade o tipo de paisaxe que podemos atopar na zona, unha paisaxe que aparece decontino na obra do noso autor. Velaquí tedes unha pista para comezardes: o bosque que predomina na serra da Enciña da Lastra é o mediterráneo.
- Credes que no resto da comarca ocorre o mesmo?
- Que árbores son as máis abundantes en cada caso?

## Segunda parada. A historia de Valdeorras

- A economía na comarca de Valdeorras estivo fortemente vinculada á minaría e ao viño. Un destes sectores primarios, o da minaría, comeza a ser relevante na época dos romanos, co inicio da explotación das Médulas e do río Sil. No poema "A cadea" amósase unha referencia a esta riqueza tan antiga. Saberiades localizala e explicala?

As penas gardas civís,  
ao río Sil lévano preso.

Seica din, que aló no monte,  
zugoulle o sangue aos regueiros;  
esforzou doncelas fontes;  
e roubou o ouro das serras  
para gastalo no mar  
no "cabaret" das sereas.  
Deron parte del os lobos  
cando ía fuxir a Cuba,  
e aínda que, en Montefurado,  
meteuse no monte, a lúa  
descubriuno e déronlle o alto.

Do muíño nunha touza  
a gaiola dos regatos,  
terá, por vida, cadea  
e mais traballos forzados.

- Xa no século XX, outros minerais foron importantes na comarca. Un foi o volframio, que atraeu a mirada dos alemáns cara a esta zona e foi usado con fins bélicos. Porén, hoxe en día o material máis importante é o da *louxá*, e dicimos *louxá* porque é a forma de pronunciar nestas terras a lousa. Para coñecer como son canteiras de lousa podes ver este vídeo:

<https://www.youtube.com/watch?v=IIP1E5XWFT0>



- Se queres pescudar máis sobre a relación dos nazis co volframio e Valdeorras, podes facelo a través do filme *Lobos sucios* ou da novela *A casa do nazi*, de Xabier Quiroga.
- O viño ten desde vello moita importancia na economía de Valdeorras e mesmo modificou a súa paisaxe, inzada de socalcos. A obra de Delgado Gurriarán é unha mostra dese papel relevante. Busca información na Rede sobre o sector vitivinícola nesta comarca, sobre as castes de uva e os caldos típicos desa zona e realiza unha presentación sobre o tema.
- Tamén é relevante na economía e na paisaxe desta zona o castiñeiro. Florencio dedícalle unha manchea de poemas, entre eles "O castiñeiro morto" no que amosa a mágoa que sente ao velo morrer polo mal da tinta. Cales son os problemas que sofre o castiñeiro na actualidade?

00:01



Florencio Delgado Gurriarán

OS\_PRIMEIROS\_ANOS



@FDG Primeira comunión,  
ca. 1911



Florencio Delgado Gurriarán naceu no mes de agosto de 1903 en Córghomo, unha aldea de Vilamartín de Valdeorras. Foi o derradeiro tras cinco irmáns e veu ao mundo nunha familia de clase media.

Nunha época na que a poboación en idade escolar con acceso á educación non chegaba ao 40 %, Florencio foi un privilexiado, ao poder estudar. Ademais, na ampla biblioteca familiar non faltaban as obras de autores galegos, que espertarían moi cedo a súa vocación poética.

As primeiras letras aprendeunas na pequena escola da aldea e con mestres particulares, ata que, con seis anos, a familia ten que trasladarse a Ourense, onde cursa primaria. O bacharelato farao en Palencia, o seguinte destino laboral do pai, e en Valladolid. Alí, de 1920 a 1924, estuda a carreira de Dereito.

Malia que o traballo paterno no Ministerio de Fomento levou a familia Delgado Gurriarán a vivir en distintas cidades ao longo da infancia e adolescencia do poeta, a volta a Córghomo cada verán permitiulle crear o forte vínculo coa terra, a cultura e a lingua galegas que o acompañará sempre.

#### Valdeorras

Miña noiva,  
miña terra:

Á beira do Sil deitada,  
para ollar a túa beleza  
do mesmo xeito que a "Venus  
do espello", nel se contempla.

*Cantareñas*



OS PRIMEIROS ANOS

Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu en Córghomo en 1903, no seo unha familia burguesa de clase media adiñeirada, moi vinculada coa produción agrícola e o comercio. Era fillo de Florencio Delgado Prada e Consuelo Gurriarán Díaz e tivo cinco irmáns. El recibiu o nome dun deles, nado antes do poeta, que morrera prematuramente. Daquela, a mortalidade infantil era moito máis elevada ca hoxe e herdar o nome dun irmán falecido era moi común.



- Escoitade a entrevista que Dolores Pla lle fixo ao noso autor en 1979 para descubrirdes como foi a súa educación.

<https://bit.ly/36KltsH> (minutos 4:57-7:13 e 8:10-8:43)

- Florencio fala de que seu pai, á hora de escoller destino laboral, tivo en conta as posibilidades de formación dos seus fillos. Hoxe en día hai máis ou menos servizos de educación ca daquela no mundo rural? Facede unha análise comparativa entre as dúas épocas e descubride as diferenzas e similitudes de ambas.
- A continuación, lede o poema "Córghomo de Valdeorras" que Florencio lle dedica á súa aldea natal.

Meu Córghomo de Valdeorras  
é bocarribeira clara.  
Por Córghomo de Valdeorras  
non anda a Santa Compañía,  
porque o bo viño escorrenta  
medos, trasnos e pantasma.

Moucho, Valsadal, Chancelo...  
viñas de viño baril.

¡O viño da nosa adega  
manda mecha no Brasil!

Os mozos da miña aldea  
somos a flor de Valdeorras  
que, en Córghomo, non cochamos  
nin nos bolos, nin coas mozas.

*Cantarenas - Galicia infinda*

- Pescudade na rede para coñecer o que é unha **bocarribeira**.
- Lembra o primeiro cartel e logo completade as frases:
  - Valdeorras está localizada a carón do.....
  - Na súa orografía sucédense os vales e as.....
  - O seu solo está cuberto de.....
  - Nos montes predominan os soutos de .....
- Despois do aprendido sobre a comarca de Valdeorras, seriades quen de a describirdes? Facede unha presentación sobre Valdeorras na obra de Florencio, con fotos e algúns poemas seus.
- Como seguramente sabedes, as lendas de mortos teñen unha especial presenza na cultura galega. Investigade sobre a Santa Compañía. Que era? Por onde andaba? Cando tivo especial presenza? Por que di Florencio que non andaba por Valdeorras?
- Segundo Ricardo Gurriarán, a biblioteca do fogar de Florencio era importante para aquela época. Algúns dos libros existentes nela son clásicos da literatura galega. Escribide o autor ou a autora das seguintes obras:

*O catecismo do labrego:*  
*De catro a catro:*  
*Mar ao norde:*  
*O silencio axionllado:*

*O galo:*  
*Follas novas:*  
*A lagarada:*  
*Beiramar:*

00:02



Florencio Delgado Gurriarán

RUADA\_



@FDG co seu curmán  
Gonzalo, ca. 1918



En 1928, Delgado Gurriarán volve a Valdeorras. Prepara oposicións para rexistrador da propiedade e traballa de pasante nun bufete de avogados. Mentres, organiza festas, promove asociacións e participa activamente da vida social, cultural e política da comarca.

Nesta época publica as primeiras poesías en revistas e xornais como *Heraldo de Galicia* e *A Nosa Terra*.

A primeira que sae á luz é "O castiñeiro morto" e nela xa se pode apreciar a estética hillozoísta na descrición da paisaxe.

Porén, a natureza non será a única liña temática dos seus versos. Escribe tamén poemas anticaciquís e outros de corte sociolingüístico nos que a cerna é a sátira, cargada de ironía, dos galegos que desprezan a súa lingua e falan castrapo.

#### TABERNA

Ar que se apalpa. Balburdio.  
Bafos de augardente e viño.  
Un can que tanxe a guitarra  
por ver de catar os bichos.  
Ar que se apalpa. As corenta:  
as dez últimas co cinco;  
tute de reises; renuncio...  
veña logo outro xerriño!


*Cantareñas*



RUADA

Neste cartel faise un percorrido por unha parte da vida de Florencio especialmente activa. Cando volve vivir a Córrego, participa na vida social da comarca, nos eventos culturais e festivos da redonda, en varias asociacións, en grupos de teatro e de canto e en tanta posibilidade ofrecían estas terras por ese tempo para o lecer.

- Se reparades no título deste cartel, descubriredes o doutro poema do libro *Bebedeira*, "Ruada". Que significado ten esta palabra?
- Localiza catro sinónimos e outros catro elementos da súa familia léxica nesta sopa de letras e logo completa o cadro.



## RUADA

| SINÓNIMO | FAMILIA LÉXICA |
|----------|----------------|
|          |                |
|          |                |
|          |                |
|          |                |
|          |                |
|          |                |

- No cartel amósase unha imaxe poética do que para el era a taberna, seguramente en recordo dunha das que había na súa aldea. E aquí pódese ver unha imaxe de Florencio na súa derradeira viaxe no bar da Celia co seu amigo Raúl.



Esta orixinal acuarela de Roi Domínguez está realizada con viño mencía.

Atrévadesvos a facer un deseño similar? Que outros produtos distintos das pinturas tradicionais podedes usar para a creación artística?

No poema nomeado hai unha serie de imaxes que reflicten o ambiente dunha taberna de aldea do século pasado. Aínda que hoxe ese cadro xa non se vexa, tratade de explicar o significado das seguintes imaxes:

Ar que se apalpa / Un can que tanxe a guitarra

- Nesta época Florencio empeza a publicar os seus primeiros poemas en xornais como *Heraldo de Galicia*, na revista *A Nosa Terra* e incluso nunha revista arxentina, *Alborada*. Pronto apareceu esa necesidade de liberarse a través da escrita. Podedes escoitar nas súas palabras o que para el significaba o acto de escribir:

<https://www.rtve.es/play/videos/telexornal-galicia/letras-galegas-delgado-gurriaran/6375032/>



- O día 8 de marzo presentouse o libro de Xesús Alonso Montero, *Florencio Delgado Gurriarán. Poeta na terra, na guerra e no exilio*. Nese acto o profesor definiu a poesía de Florencio como poesía patriótica e matriótica.

<https://www.youtube.com/watch?v=-B6VGRvj9YM> (minutos 45:22 - 47:02)



- Se vós fósedes poetas hoxe en día, seriades poetas que falasen dos sentimentos propios ou do que ocorre arredor de vós? Credes que isto depende do momento que vos toque vivir?
- Amais dos primeiros textos dedicados á paisaxe e ao mundo do viño, Florencio comeza unha liña poética social e reivindicativa na que vemos algúns exemplos dos problemas que el observaba na súa contorna, como a perda de falantes do idioma galego, o uso do castrapo e o desprezo dalgunhas persoas cara á lingua propia.

O vello cacique  
–¿quen mo quer mercar?–  
Que, dende o seu pazo,  
amola ao paisán,  
FALA CASTELÁN.

O repartimento  
das utilidás,  
tamén vén escrito  
TODO EN CASTELÁN.

O crego da aldea  
do inferno a berrar  
pra meterlle medo  
ao pobre aldeán  
FALA CASTELÁN.

O señoritiño  
da vila de Tal,  
con vento na testa,  
sen calos na man,  
FALA CASTELÁN.

"Falan castelán",  
*O soño do guieiro*

- Cal é o tema central do poema? Ten hoxe vixencia o problema aquí exposto?
- Investiga. Quen eran os caciques. Como actuaban?
- Que significa a imaxe "sen calos na man"?
- Segundo se afirma no poema, para quen quedaba exclusivamente o emprego do galego?
- O galego que falas e o que escoitas falar é o galego estándar? Está próximo ou está lonxe do normativo? Explícao.
- Elaborade unha enquisa sobre o voso emprego do galego. Por exemplo:

|                                                 | SEMPRE | MOITO | BASTANTE | POUCO | NUNCA |
|-------------------------------------------------|--------|-------|----------|-------|-------|
| No seo da familia                               |        |       |          |       |       |
| Cos amigos                                      |        |       |          |       |       |
| Na clase                                        |        |       |          |       |       |
| Cando te dirixes a persoas alleas á túa familia |        |       |          |       |       |
| Nas actividades deportivas que practicas        |        |       |          |       |       |

- Se queredes escoitar a opinión de Florencio sobre a presenza do galego na escola, podedes facelo aquí:

<https://mediateca.inah.gob.mx/repositorio/islandora/object/entrevista%3A884>

(minuto 10:03-12:45)



00:03



Florencio Delgado Gurriarán

A\_CONCIENCIA\_GALEGUISTA



N.º 1007



IRMAN Florencio Delgado Gurriarán

Edade 35 anos

Profesión Abogado

Grupo Córrego

Cárrego Segretario de Propaganda

Data de Ingreso 1933

Barcelona 14 de Nadal 1938.

FIRMA O IRMAN

*Florencio Delgado Gurriarán*

O Secretario Xeral,


*Ramón Suárez Picallo*



En Valladolid, Florencio Delgado achégase ao ideario galeguista grazas á revista *A Nosa Terra*, o voceiro das Irmandades da Fala. A partir dese momento, asume as reivindicacións desta organización e coopera na súa expansión. En 1928, aparece como socio do Seminario de Estudos Galegos e é un dos fundadores da Irmandade Galeguista Valdeorresa, en 1930.

En 1931, tras a chegada da Segunda República, dá os primeiros pasos na política activa nas eleccións municipais, da man do seu tío Manuel. En 1933 entra de cheo neste mundo, ao afiliarse ao Partido Galeguista, no que permanecerá toda a vida e chegará a ocupar cargos de responsabilidade.

Nesta época coñece a Castelao, Alexandre Bóveda, Otero Pedrayo e outros intelectuais vinculados ao partido e ás Irmandades, cos que mantén unha estreita relación e participa na loita a prol do Estatuto de autonomía.



@Xuntanza  
republicana no  
Barco de Valdeorras,  
ca. 1934



A CONCIENCIA GALEGUISTA

- Consultade, nesta ligazón do Consello da Cultura Galega, a información que se ofrece sobre o Seminario de Estudos Galegos (SEG):

<http://consellodacultura.gal/cdsg/loia/historia.php?idioma=1&id=42>

- Como xa vimos no cartel da exposición e na biografía do autor, as Irmandades da Fala e o Seminario de Estudos Galegos son dúas das entidades das que Delgado Gurriarán formou parte activa.

- Con estas palabras aparece definido o Seminario de Estudos Galegos na páxina da Real Academia Galega:



Ningún aspecto da realidade galega semellou resultar alleo ao interese dos membros do Seminario, que afondaron en temáticas que xa gozaban de certa tradición entre nós, como os estudos históricos, arqueolóxicos e literarios, e inauguraron para a nosa cultura liñas de estudo que ficaran case ermas ata ese momento, como as matemáticas, a química, a astronomía ou a economía, materias tratadas todas elas seguindo as teorías e técnicas de investigación máis avanzadas no seu tempo, nun esforzo conxunto por elevar o nivel da nosa cultura ata homologalo co internacional. Unha empresa xigantesca que coutaría, de xeito dramático, o golpe de xullo do 36.

<https://academia.gal/-/aniversario-do-seminario-de-estudos-galegos>

- Velaquí tedes o escudo da institución, que foi deseñado por Castelao. Coa axuda das redes e a colaboración dos profesores, investigade sobre o significado dos elementos presentes nel.

Podedes comezar por aquí:

<https://www.isaacdiazpardo.gal/gl/laboratorio-de-formas/novo-seminario-estudos-galegos>



- Hai moi poucos estudos sobre a figura feminina nesta época, mais no referente ao SEG temos a sorte de contar con este. Premede aquí para analizardes o labor das mulleres no Seminario de Estudos Galegos:

<http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=211>



- Na seguinte nova podedes saber algo sobre as irmandiñas, que é o nome que reciben as mulleres socias das Irmandades da Fala:

<https://praza.gal/cultura/irmandinas-as-mulleres-esquecidas-das-irmandades-da-fala>



- Despois de investigardes nas ligazóns anteriores, credes que a situación das mulleres no Seminario de Estudos Galegos se repetiu noutras institucións da época?
- Cantas mulleres aparecen como membros das institucións devanditas?
- Cal foi o seu papel en cada unha delas?
- Parécetvos que o seu labor era o mesmo que o dos homes?
- Hai unha serie de nomes que se repiten ao longo das ligazóns anteriores: Ánxel Casal, os irmáns Vilar Ponte, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Antón Losada Dieguez, Castelao etc. Todos eles son fundamentais para entendermos os primeiros anos do século XX en Galicia.
- Elaborade unha actividade interactiva na que haxa que responder polo menos as seguintes cuestións:
  - Que é a Xeración Nós? Que escritores a integran?
  - Que son as Irmandades da Fala? Cales foron os seus membros máis representativos?
  - Que era o Seminario de Estudos Galegos? Que membros compartía coas institucións anteriores?
  - Onde podemos atopar pegadas de Florencio? Con que persoeiros tiña un vínculo máis especial?

Para elaborardes esta actividade podedes usar aplicacións como Genial.ly.

- Para obterdes máis información sobre o Seminario, podedes ver este vídeo que nos achega ás súas xeiras.

[http://www.musarqourense.xunta.es/peza\\_mes/cuevillas-e-a-xeira-de-deza/](http://www.musarqourense.xunta.es/peza_mes/cuevillas-e-a-xeira-de-deza/)



- Para saberdes máis sobre o período histórico e as iniciativas culturais e sociais nas que participou Florencio, podedes ver o seguinte vídeo sobre as Irmandades da Fala:

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/as-irmandades-da-fala>




- Desde que se afilia ao Partido Galeguista en 1933, Florencio entra de cheo no mundo da política e participa en todo tipo de actos e mitins. Unha das iniciativas que apoia é campaña a prol do Estatuto de autonomía. Buscade na Rede información sobre este estatuto.
  - Que defendía para Galicia? Quen deseñou os carteis da campaña?
  - En que data se realizou o referendo?
  - Cantas persoas votaron a favor e cantas en contra?
  - Que ocorreu co estatuto cando empezou a Guerra Civil?

00:04



Florencio Delgado Gurriarán

BEBEDEIRA\_DE\_VERSOS



En 1934, sae do prelo da editorial Nós *Bebedeira*, un poemario que reúne textos maiormente xa publicados desde 1931. Na escolla, deixa fóra os de corte social e reivindicativo. Este primeiro libro de Florencio é unha homenaxe á terra e á paisaxe valdeorresa, con poesías que espertan os nosos sentidos a través das cores da viña e do viño.

Un dos trazos máis salientables son as personificacións sobre as que alicerzan os poemas, que lembran a escola Amado Carballo e vinculan o poeta coa Escola Hilozoísta. Noutros casos, as innovadoras imaxes vangardistas enchen de referencias sensoriais os versos.

Teu cabelo é viño branco,  
os teus beizos viño tinto,  
os teus ollos augardente...  
quixera beberte a bicos!

*Bebedeira*

RUADA

O ventiño namorouse  
da rosa dunha roseira.  
Negoulle a roseira a rosa  
e o vento fuxiu con ela.

*Bebedeira*



BEBEDEIRA DE VERSOS

*Bebedeira* é o primeiro poemario publicado por Florencio Delgado Gurriarán en 1934. Contén 32 poemas dun carácter bastante homoxéneo nos que a natureza é o denominador común. Ten como base unha visión singular da paisaxe; non é unha paisaxe neutra, unha paisaxe universal; é unha paisaxe concreta: a paisaxe valdeorresa, co seu clima, coa súa orografía, coas árbores, co castiñeiro como tema poético destacado, cos seus animais, coas viñas, co Sil e coas forzas mesmas do cosmos que lle confiren un carácter poético propio. Todo este conxunto esperta no poeta un manancial lírico doce e agarimoso, por veces; enérxico e vigoroso, noutras. Preséntasenos un mundo poético humanizado a través do recurso da personificación, envolto en imaxes novas que lles dan vida aos seres inanimados, que encadra a súa poesía no hilozoísmo, unha das correntes galegas de vangarda.

- Este libro foi publicado pola editorial Nós. Investiga para descubrires que relación tiña a editorial co Grupo Nós e mais coa revista Nós.
- Florencio conseguiu sobrevivir á Guerra Civil e ao alzamento militar, pero non todos os galeguistas tiveron esa sorte. Investiga en Internet para saberes quen foi Ánxel Casal e que vinculación tivo con Florencio.
- O poema que aparece neste cartel contén unha serie de metáforas onde se relacionan dous campos semánticos moi afastados. Cales son?
- Que familia léxica aparece representada no poema?
- Máis alá dos contidos poéticos e do seu tratamento, o poeta dispón os versos dun xeito orixinal, moi na liña das vangardas dos anos vinte. Cres que estes desprazamentos dos versos teñen unha finalidade estética ou que queren provocar unha evocación rítmica?
- Nos versos 5º e 6º aparece un recurso estilístico que ten que ver coa orde das palabras na frase. Cal é? Ordena e escribe a frase novamente.
- Este poema trata un tema moi recorrente na lírica galega xa desde o Rexurdimento: o tratamento lírico do vento. Que tipo de vento desexa Florencio? Cal é a causa?
- Que recurso literario de repetición aparece no inicio?
- Nos versos 4º, 6º e 7º, o autor bota man dun recurso estilístico que reforza o ambiente de friaxe e invernía que envolve o poema. Cal é? Substitúe os adxectivos por outros, de xeito que se manteña o mesmo recurso literario.
- Xoga coa proposta da Real Academia Galega para recordares algo do léxico máis significativo que aparece nesta primeira obra de Florencio: <https://portaldaspalabras.gal/xogo/de-bebedeira-e-o-seu-lexico/>
- Para terdes máis información sobre as vangardas, premede aquí: <http://asvangardas.blogspot.com/>
- Para saberdes máis sobre Ánxel Casal, podedes ver o documental *Ánxel Casal, a luz impresa*.

Vente, ventinho do norte,  
vente, ventinho norteiro  
a cantarme, nos ouvidos,  
a canción do frío inverno;  
tráeme lembranzas dos montes  
de branca neve cubertos;  
de parte da branca neve  
ven darme xeados beixos,  
que máis quero atecer  
ao contacto dos teus beizos  
que sentir os agarimos  
de ventos moles e tépedos;  
das árbores que apouigas,  
por facerte cos brinquedos  
de amarelas follas murchas,  
trae a min o bruar fero;  
tráeme os laios musicais  
das xestas e dos piñeiros,  
pois quero ouvir da montaña  
o baril belo concerto;

"Vente, ventinho do norte",  
*Bebedeira*

00:05



Florencio Delgado Gurriarán

\_NON!



@Barco Ipanema



En 1936, Franco sublévase contra o Goberno da II República e comeza a Guerra Civil. Florencio, coma moitas persoas de esquerdas ou galeguistas, ten que se agochar e fuxir para salvar a vida e protexer os seus. Despois duns días en Zamora, Valladolid e Valdeorras, cruza a raia seca cara a Portugal e, de alí, viaxa de polisón nun barco noruegués ata Francia.

En 1938, pasa a Barcelona e alístase no exército republicano. Ese mesmo ano é nomeado secretario de propaganda do Partido Galeguista. A primeira encomenda que recibe de Castelao e Enrique Lister é abrir un corredor por onde traer os exiliados e os guerrilleiros atrapados nas zonas ocupadas.

En 1939, desde Francia, axuda a sacar refuxiados galegos dos campos de concentración e organiza a marcha a América Latina.

Florencio sae cara a México no *Ipanema* canda 997 persoas, nunha viaxe da que non esquecería os sentimentos enfrontados de liberación e baleiro inmenso ao pasar diante da costa galega e despedirse sen saber ata cando.

#### GUERRILLEIRO

Meu valente,  
varudo mozo galego:  
levas paisaxes nos ollos,  
saudades nos pensamento  
muiñeira nos ouvidos  
e barileza no peito  
por ti, na terra querida,  
botan gromos os loureiros,  
botan rosas as roseiras

*O soño do guieiro*



NON!

En febreiro de 1936, a Fronte Popular gaña as eleccións. A situación de crise económica leva a unha polarización da sociedade e a unha situación de perigosa crispación social. Parte das forzas armadas, comandadas polos xenerais Emilio Mola, José Sanjurjo e Francisco Franco, protagonizan o golpe de Estado que desembocaría na Guerra Civil. En 1939 comeza a ditadura franquista, que se estende ata a morte de Francisco Franco en 1975.

- Revisa a biografía do autor que se facilita nas primeiras páxinas e trata de indicar o percorrido que Florencio realizou para saír de Galicia e salvar a vida. Pódelo debuxar no seguinte mapa:



- En agosto de 1936, fusilan a Alexandre Bóveda. Florencio dedícalle este poema como homenaxe.

Morte fría, morte moura,  
triunfo da negrura mesta,  
fea morte, irmá do crime,  
traidora, entrañas de fera:  
Teu cortexo de carrascos  
tróuxonos a noite preta!  
Por que murchaches a flor  
da esperanza da nosa Terra?  
verdugos, por que fixestes  
cruel seitura de estrelas?  
Por que amatastes a luz  
que alumeaba as consciencias?

*O soño do guieiro*

Escóitao recitado na voz de Xesús Alonso  
Montero premendo aquí:

[https://www.youtube.com/  
watch?v=VIsLCXfseVQ](https://www.youtube.com/watch?v=VIsLCXfseVQ)

- Unha vez que xa estaba en París, que xa conseguira a documentación que lle permitía entrar e saír legalmente do país, decide regresar a España e alistarse no exército republicano para loitar a carón dos seus. Para manter fóra de perigo a súa familia e non preocupalos, deixa escritas algunhas cartas.

Ben, coa familia eu a correspondencia mantíviena sempre, exceptuando o tempo que pasei en Portugal. Non, non podía eu escribir por medo a que interceptasen a correspondencia. Pero xa desde que fun a primeira vez a Francia, sen facer naturalmente alusión á miña condición de evadido da zona franquista, como se fose un antigo residente, e despois, ao pasar á zona republicana deixei unhas cantas tarxetas asinadas con distintas datas. Non, non quería que se decatasen de que pasara á zona republicana porque podía dar lugar a represalias para a familia. E un amigo meu, que quedou residindo en París, quedou encargado de envialas.

*Entrevista de Dolores Pla.  
Adaptación*

- Cal cres que sería a temática desas cartas? Trata de reescribir unha delas coma se ti foses Florencio.

- Quen foi **Alexandre Bóveda**? Investigade sobre a súa vida nesta ligazón:

<http://alexandreboveda.gal/alexandre-boveda>

- Como é cualificada a morte de Alexandre?
- Cal credes que é o valor das interrogacións? Son interrogacións retóricas sen máis? Quen son os "verdugos" aos que se refire Delgado Gurriarán?
- Con que outros intelectuais ten contacto Florencio ao longo da súa vida? Revisa a biografía e as redes para atopar esta información.
- Para saberdes máis de Alexandre Bóveda, mirade o documental *Alexandre Bóveda. A fazaña da liberdade*.

<https://www.youtube.com/watch?v=eWa8J8YSr1g>



- No barco **Ipanema** no que Florencio consegue saír de Francia cara a un novo futuro ocorreron cousas moi curiosas; unha das que máis chama a atención foi que entre os viaxeiros había unha nómina importante de xornalistas que quixeron crear un xornal para entreter e informar o resto da pasaxe.

Deseguido, podedes ver o xornal *O Sil*, un dous poucos que saen á luz na actualidade en lingua galega.

- Sinalade na imaxe as partes da noticia.
- Agora tentade crear unha noticia na que a información se basee na vosa visita a esta exposición e na información que vos pareza máis relevante.

## O valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán, autor homenaxeado nas Letras Galegas do 2022

Este será "tamén un recoñecemento ás achegas dos intelectuais galegos que viviron o exilio mexicano", segundo a RAG

- 2 de Xullo de 2021



Florencio Delgado Gurriarán. Foto: RAG.

A Real Academia Galega (RAG) dedicarlle o Día das Letras Galegas 2022 a Florencio Delgado Gurriarán (Córdoba, Vilamartín de Valdeorras, 1903 – Fair Oaks, California, 1987), tal e como vén de anunciar o presidente, Víctor F. Freixanes, xunto ao académico Xesús Alonso Montero, en rolda de prensa. O pleno da institución acordou na sesión celebrada esta mañá renderlle homenaxe o ano que vén ao autor valdeorrés, "cuxo labor literario e activismo político e cultural constitúen un dos capítulos máis destacados das letras galegas da diáspora", segundo a institución.

A candidatura do autor valdeorrés resultaba elixida pola maioría dos votos, un total de 14, mentres que a de Federico García Lorca e Ánxel Casal obtiña 4 e outros tantos a de Fiz Vergara Vilariño. Houbo tamén un voto en branco. O presidente da RAG explicaba que a candidatura de Florencio Delgado "foi presentada por tres académicos, como é preceptivo: Xesús Alonso Montero, Ramón Villares e María Rosario Álvarez. Ademais houbo unha adhesión formal de Salvador García Bolaño".

A RAG non só celebrará "o excelente poeta que foi, cultivador dun galego enxebre, característico das terras de Valdeorras. A través da súa figura tamén homenaxeará, por primeira vez, a Galicia do exilio republicano en México, país onde o propio Delgado Gurriarán e outros colegas desenvolveron iniciativas sobranceiras que mantiveron vivo o facho da nosa identidade e que constitúen un referente obrigado da nosa historia contemporánea", segundo vén facer público a RAG.

00:06



Florencio Delgado Gurriarán

HAI\_SEDE\_NA\_NOVA\_GALICIA



@Foto de feira, ca. 1942 con Pipa e Ramón Cabanillas (fillo)



Tras 36 días de viaxe, o *Ipanema* chega a Veracruz. Nun principio, Delgado Gurriarán xestionou en Toluca a acollida dos exiliados. Logo, trasladouse a México DF e traballou de vendedor de xamóns, seguros, fertilizantes, zapatos e, finalmente, ata a xubilación, na farmacéutica Queralt Mir. En 1944 casou con Celia, con quen tivo cinco fillos.

Enseguida se implicou na revitalización da cultura e da lingua galegas, obrigadas ao silencio en Galicia. Con Carlos Velo, Illa Couto e outros intelectuais fundará o Ateneo de Galicia e a Irmandade Galeguista de México e, xa nos cincuenta, o Padroado da Cultura Galega.

O labor político tamén continuou do outro lado do Atlántico. Florencio asina o Pacto Galeuzca en representación do Partido Galeguista e, como secretario de propaganda, participa no Consello de Galicia, con representantes de todo o continente. Nos anos corenta aínda mantiñan a esperanza de que o seu exilio sería curto.

A publicación do *Cancioneiro da loita galega* (1943), un duro poemario de denuncia e de homenaxe aos caídos na guerra, é un exemplo na literatura de combate galega e un dos primeiros traballos do corgoméus como editor. Esta obra colectiva recolle tamén 14 poemas seus, entre eles un dedicado ao seu amigo Alexandre Bóveda.



HAI SEDE NA NOVA GALICIA

- O Goberno mexicano foi dos poucos que admitiron exiliados republicanos grazas a varias políticas que o seu presidente Lázaro Cárdenas puxo en marcha. Investigade en Internet sobre “Os nenos de Morelia” e os barcos que chegaron ao país mexicano desde Francia.
- As persoas exiliadas da Guerra Civil non foron as primeiras en chegar ás Américas na procura dun novo futuro. A emigración galega ao continente americano comezou moito antes e non por razóns políticas senón económicas. A diáspora galega estendeuse por Venezuela, Cuba, O Brasil e outros países.
- Pero que ocorreu en Arxentina? Investigade na Rede e descubride como era a comunidade emigrante en Arxentina e como recibiron os exiliados da Guerra Civil.
- O título escollido para este cartel é un verso do poeta, mais que é Nova Galicia? Será un lugar real? Investigade na Rede.

Sede nos ermos outeiros  
e nas poeirentas chairas,  
nos arpados nopaleiros,  
sede nas enxoiñas airas.

Nas lagoas enlamadas  
de arneiro xabre cinguidas.  
Sede nas irtas valgadas.  
Sede nas terras espidas.

Sede nas mortas aldeas,  
nas congostras, nos carreiros  
e nas queimantes areas  
dos escoados regueiros.

Nas árbores esfolladas  
que erguen, en mudo queixume,  
súas pólas estordegadas,  
fogueiras a arder sen lume.

“Hai sede na Nova Galicia”, *Galicia infinda*

- Este fragmento do poema “Hai sede na Nova Galicia” está composto tomando como base un paralelismo continuado. Formando parte del, unha anáfora marca a mensaxe que o poeta desexa emitir. Cal é esa idea? Cal é a anáfora? Sinala algúns versos que sexan paralelísticos.
- Este texto, como outros do noso autor, está inzado de termos xeográficos. Nomea todos os que aparecen no poema referidos á paisaxe.
- Florencio mostra na súa obra un enorme coñecemento do léxico relacionado coa paisaxe e coa natureza. Busca o significado das seguintes palabras que aparecen no fragmento:

Irtas | Congostras | Queixume | Íspidas | Valgadas

00:07



Florencio Delgado Gurriarán

OS\_NOVOS\_VIEIROS



# SAUDADE

VERBA GALEGA NAS AMERICAS



IV

## SUMARIO

CARLOS VELO: Na costa verdecente.—AGUSTIN MILLARES: O gran galego.—MARCIAL FERNANDEZ: Galiza e Castela.—MANUEL PORTEIRO: Outeando no porvir.—RAMON CABANILLAS ALVAREZ: O cego de Padrenda.—RAMIRO ILLA COUTO: O problema lingüístico de Galiza.—FLORENCIO DELGADO GURRIARAN: Poemas, e Os gaiteiros de Montecorney.—BIERTO BUA RIVAS: Lembranza viva.—SEVERINO PELLET: Galiza agrícola e gadeira.—CELESTINO LOPEZ: Un aventureiro galego no Amazonas.—ROXELIO R. de BRETANA: Folle galego.—Anónimo: Caneión do Espírito do Lago.—FOLKLORE: Cantigas de humor, e Os amores do moucho e a labrega.—NOTAS.—Deseños de ARTURO SOUTO e UXIO SOUTO.

DIA DA NOSA TERRA 1943.



No país mexicano, Delgado Gurriarán empeza a colaborar no programa de radio *A hora de Galicia*. Tamén verán a luz dúas publicacións nas que realiza tarefas de redacción, dirección e edición.

A primeira é a revista *Saudade. Verba galega nas Américas*, que nace en 1942 co fin de manter viva a lingua entre a comunidade galega. Nela, a carón de poesías e relatos, atopamos artigos de historia, cultura e política. Amais dos do grupo mexicano, contén textos de autores como Otero Pedrayo, Cuevillas, Pura Vázquez ou Ben-Cho-Sei. Tamén imos ver unha renovación na poesía do corgomés: chegan os aires crioulos e unha nova musicalidade á súa obra.

A segunda, *Vieiros*, xorde en 1959 da man de Florencio, Carlos Velo, Luís Soto e Elixio Rodríguez co obxectivo de lle dar cabida a "calquera idea literaria, artística e filosófica, sempre que fose antifascista e non se apoiase na ditadura". Constitúe un fito na literatura galega pola súa calidade e modernidade e por trazar unha ponte entre Galicia, en especial o Grupo Galaxia, e o exilio. O sector cultural ficou abraiado ante a selecta nómina de colaboradores, con artigos de Ferrín, Celso Emilio, Novoneyra ou Carlos Casares e ilustracións de Castelao, Seoane ou Maside.



OS NOVOS VIEIROS

A primeira gran revista do exilio mexicano foi *Saudade. Verba galega das Américas*. Unha lectura dos índices dos seus sete números case que nos leva pola historia da literatura galega. Por eles desfilan Macías o Namorado, Eduardo Pondal, Rosalía de Castro e mais os contemporáneos de Florencio: Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas, Pura Vázquez, Álvaro Cunqueiro, Ben-Cho-Sei. Non só ofrecía textos literarios; a análise da realidade que estaban a vivir, a historia, o folclore, a música, o celtismo e o atlantismo son algúns dos contidos que atopamos nas súas páxinas.

■ Tenta relacionar os seguintes artigos cos posibles autores. Podes utilizar as redes como axuda:

- |                                                      |                               |
|------------------------------------------------------|-------------------------------|
| • "A universalidade de Castelao", Día da Terra, 1953 | • Florencio Delgado Gurriarán |
| • "Vellas lembranzas: O cego de Padrenda"            | • Luís Soto                   |
| • "Noiturno da noiva jarocho"                        | • Manuel Porteiro Viña        |
| • "A gaita galega"                                   | • Ramón Cabanillas Álvarez    |
| • "Galiza e Valle-Inclán",                           | • Castelao                    |
| • "Os «ciclos económicos»",                          | • Rosalía de Castro           |

■ A seguir podedes ler un fragmento da presentación da revista *Vieiros*.

Sáímos as soalleiras da cultura universal co espello limpo da nosa lingoa, única axeitada para exprimir a literatura e o arte, a ciencia e mais a filosofía e limiarmente a vida espiritual e material do povo galego, que endexamais renunciou a súa fala. A emigración galega, espallada polo mundo, non é unha emigración egoísta ou aventureira, nin pola súa importancia, o seu volume, as súas orixes e a súa proiección, pode ser definida coma unha escamallada calquera, sin transcendencia e sin consecuencias para o porvir da nosa patria.

Os dous millós de galegos viaxeiros do mundo, demostraron que escoitan, en todas as situacións, o chamado da terra nai, da cal saíron botados pola inxustiza e canto máis lonxe se atopan dos eidos nados, mais fondamente sinten a galegitude.

(Alicerce, primeiro número de *Vieiros*, México, 1959)

■ A revista *Vieiros* nace en México, en 1959. Vinculada ao Padroado da Cultura Galega, tivo catro números. Florencio Delgado Gurriarán foi un dos directores nos dous primeiros. Busca información na páxina seguinte sobre os temas, autores dos artigos, ilustradores e deseñadores desta publicación.

[https://gl.wikipedia.org/wiki/Vieiros\\_\(revista\)](https://gl.wikipedia.org/wiki/Vieiros_(revista))





■ Que importancia cres que tiñan publicacións coma esta nesa época?

■ Cal foi esa inxustiza da que se fala na presentación da revista?

■ Igual que *Vieiros*, houbo outras revistas tanto en México como en Buenos Aires. Escribe os nomes dalgunhas e os dos seus promotores e colaboradores.

- Toda revista debe ter un coidado deseño e unha imaxe que atraia o lector. No caso de *Vieiros*, as escollas gráficas estaban realizadas con moito coidado polos grandes artistas plásticos do momento, entre eles Castelao, Arturo Souto, Maside, Jaime Quesada, Gironella, Ledo, Isaac Díaz Pardo, Luís Seoane. Coñeces estes autores? Procura na Rede información sobre o seu traballo e trata de identificar os autores das imaxes seguintes:



- Entre os colaboradores e fundadores das revistas *Saudade* e *Vieiros* atopamos un nome que xa aparecera máis veces na biografía de Florencio, o de **Carlos Velo**. Este cineasta traballou co noso poeta na evacuación dos exiliados cara a América, foi un dos galegos que o acolleu en México e o que lle buscou o seu primeiro traballo en Toluca, na distribución e organización dos exiliados no país de acollida.

Podedes pescudar nesta ligazón para coñecerdes algo máis sobre a súa obra cinematográfica:


<http://www.fundacioncarlosvelo.com/biografia.html>

00:08



Florencio Delgado Gurriarán

GALICIA\_É\_INFINDA



*Galicia infinda* publícase en 1963 na editorial Galaxia. O poemario fai un percorrido por toda a escrita de Delgado Gurriarán, nunha simbiose perfecta entre os ritmos tradicionais e a paisaxe galega e os novos ritmos sensuais e exóticos e as terras mexicanas.

Galicia é infinda!  
Nosa Galicia é máis que toda a Terra.  
Non é xa o cativo currunchiño  
que din escolas vellas.  
Cómprenos desbotar antigos erros  
Fillos de mente estreita:  
Galicia é infinda!  
*Galicia infinda*

En 1981 publica *Cantarenas*, unha nova antoloxía de textos anteriores na que segue a plasmar a terra da infancia, que lembra con saudade, coa súa diversidade de paxaros, árbores, plantas, ríos e montes, e que o confirma como un dos poetas da Galicia interior.



GALICIA É INFINDA

Tiveron que pasar case 30 anos para que Delgado Gurriarán publicase o seu segundo poemario na editorial Galaxia. Corre o ano 1963 cando aparece *Galicia infinda*, con 43 poemas, divididos en seis partes, todas co respectivo título, agás a primeira. A obra é froito deses anos de produción literaria no exilio, con algún poema máis escrito antes da guerra. Mestura diversas temáticas e inclúe unha serie de poemas de marcado acento mexicano. Carvalho Calero afirmaba que estes estaban escritos nun bilingüismo crioulo mexicano-galego polas moitas voces *náhuatl*s que contiñan.

A esta terra de infinda primavera  
a nova primavera vai chegar  
e a xacarandá teima en estoupar,  
foguete malva, na mañán marceira.

Das súas pólas pendura, churrusqueira  
axóuxeres azuis, a vibrar  
nun ourente tanguido que enche o ar  
e espalla o seu enfado feitriceira.

Orballada de flores no chan deita,  
a choiva malva-azul o parque enfeita...  
e, verde muiñeira polo vran,

Peneira o ardente sol, coas súas folliñas  
da brisa arrandeadas, e as herbiñas  
recadan, a bulir, a luz no chan.

"Xacarandá", *Galicia infinda*

■ Formalmente o poema "Xacarandá" é unha composición clásica dentro da lírica peninsular desde que no século XVI fora importada desde Italia polos poetas Garcilaso de la Vega e Juan Boscán. Cal é o seu nome? Explica a súa estrutura.

• Que figura literaria contén o verso 12º? Este e os seguintes presentan outra figura estilística que vai "a cabalo" entre dous versos. Que nome recibe?

• O cromatismo está moi presente nos poemas de Florencio. Cal é a cor destacada nesta composición? A que elementos a asocia o autor?

■ Fíxate ben nas letras das palabras destacadas e atoparás o título dunha obra de Florencio.

- a Teno **Galicia** e tamén a **gaita**.
- b As palabras destacadas anteriormente téñeno por partida dobre.
- c Teno **Lugo**, pero non **Ourense**.
- d Está na **Biblia**, por partida dobre.
- e En **caricia** está, mais representa dous fonemas distintos.
- f Hai un en **rir** e ningún en **chorar**.

- g En **amado** aparece repetido.
- h Está no medio do **Sil**.
- i Hai dous en cada **nen**o e tamén en cada **nen**a.
- l É fixo que está en **feliz**.
- m Haino en **cinco** e tamén en **quince**.
- n Aparece en **luns**, pero non en **lúas**.
- ñ Repítese en cada **dedo**.
- o Fica no medio do **mar**.

\_\_\_\_\_

a   b   c   d   e   f   g   h   i   l   m   n   ñ   o

■ O volume *Cantarenas* viu a luz en 1981. É unha volta á paisaxe da terra galega. Tal e como nos adianta na portada, este libro é Bebedeira, Valdeorras e Dionisias, unha volta aos textos con temática valdeorresa, o viño, os castiñeiros, o Sil. Sae do prelo de Edicións do Castro, editorial dirixida por Isaac Díaz Pardo.

Don Ramón benquerido: Eu te saúdo  
en nome do meu val ledó e vizoso,  
da terra de Valdeorras ben amada  
celmosa de godello e de caíño,  
do brincadeiro Sil, do enfesto monte  
e da bocarribeira corgomesa  
cinguida de barreiras e de soutos.

Do meu vale, de combas e relanzos,  
espellado de lousas e de seixos,  
rañado de amieiros e cavorcos,  
garnido de mimosas e milleiras,  
barroco de cepeiras e castiros,  
recente de ourego e cabrifollo,  
tinguido de cereixas e de amoras  
polos cachos roscido e de pincheiras,  
arrolado dos carros, que se afastan  
entre a poeira da silvosa corga.

"Saúdo a Otero Pedrayo",  
*Cantarenas*

- Como presenta Florencio o seu val?
- No poema aparece un xeito moi particular do galego oriental para chamarlles ás cepas e aos castiñeiros. Cales son estas palabras? Na edición de *Cantarenas* tamén hai un substantivo plural rematado en -ois, "cachois", propio da variedade oriental do galego. Nomea outras características deste galego oriental.
- Estamos ante un poema moi descritivo onde o poeta, botando man de estruturas paralelísticas, vai definindo a paisaxe valdeorresa. Indica os compoñentes destas estruturas sintácticas. Formando parte destes paralelismos, notarás o abundante emprego da conxunción copulativa "e". Como se chama este recurso literario?
- Nun país con tanta traxectoria lírica dedicada á paisaxe, a historia literaria galega asocia a miúdo unha terra ou unha comarca cun autor que a poetizou. É o que acontece con Delgado Gurriarán e Valdeorras. Investiga e asocia con que autores asociamos estas comarcas:

O Courel · A Terra Chá · O Ribeiro  
Trasalba · Pontevedra

- Aquí atopamos un percorrido polas árbores que podemos ver na paisaxe galega. Localizádeas no poema e coa axuda de Internet tratade de facer unha descrición delas.

- Que son as candeas dos castiñeiros?
- E a que se refire coa metáfora "a esmeralda a tremer dos ameneiros"?
- Analizade a comparación entre os bidueiros e os romeiros e tratade de darlle unha explicación.

Neste poema Florencio enxalza os castiñeiros e colócaos por riba doutras árbores. Esta é unha árbore tradicional das terras de Valdeorras e parte importante da economía da zona, así que a presenza dos soutos e dos castiñeiros vai ser moi importante na súa historia e neste libro. Aquí imos atopar fermosos poemas como "O romance do cabaleiro ourizo" e "O castiñeiro morto", o primeiro poema publicado polo autor.

Nin clásico ciprés: xeometría  
cincia e lanzal, do reiseñor capela,  
mística oxiva, ergueita sentinela  
do vello pazo ou da espadana esguía.

Nin os bidos en verde teoría,  
beira da estrada, a devecer na arela  
de camiñar e camiñar por ela,  
romeiros dunha eterna romaría.

Nin o eucalipto a acoitelar os ventos.  
Nin o piñeiro a marmular concertos.  
Nin a esmeralda a tremer dos ameneiros...

Namórame o feitizo do tesouro  
—fino brocado de candeas de ouro—  
enfeite dos petrucios castiñeiros.

"Namórame o feitizo do tesouro",  
*Cantarenas*

- Un dos poemas máis emblemáticos de Florencio é "O casoiro". Creade un videopoema a partir del. Podédolo escoitar na voz de Mr. Jingles (minuto 18:21): <https://asletrasdeflorencio.gal/premio-poesia/>



00:09



Florencio Delgado Gurriarán

O\_SOÑO\_DO\_GUIEIRO



Florencio Delgado Gurriarán tratou de prestixiar o galego traducindo as grandes obras escritas noutras linguas. Cun pequeno percorrido pola literatura francesa, con textos de Rimbaud, Mallarmé ou Valéry, gañou un concurso en Buenos Aires, xunto a Plácido Castro e Lois Tobío. O premio materializouse na obra *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, de 1949.

En 1951, publica na revista *A Nosa Terra* unha tradución de Walt Whitman, como homenaxe a Castelao logo do seu pasamento.

¡Ouh Capitán! ¡Meu capitán!, xa findou a nosa témera viaxe.  
O barco aturou todol-os trebóns, xa conquerímos o premio arelado  
O porto está cabo de nós, ouzo os sinos, todo o pobo rebulda cheo de ledicia  
En mentre as olladas percorren a afincada quilla, o barco esgrevio e destemido.

Castelao, o seu amigo, compañeiro e guía político e intelectual, será tamén o centro da obra *O soño do guieiro*, que sae do prelo de Edicións do Castro en 1986. Nela, Florencio recolle a súa poesía social e de combate, na que hai textos de defensa da lingua galega, de homenaxe aos compañeiros mortos na batalla, de denuncia das barbaries cometidas polos falanxistas e franquistas, e mesmo hai un oco para a sátira do ditador.



O SOÑO DO GUIEIRO

- O poema que tes a continuación inicia o libro *O soño do guieiro*, publicado por Ediciós do Castro en 1986. Vai ser o derradeiro poemario de Delgado Gurriarán, que falecería ao ano seguinte nos Estados Unidos. Florencio sempre tivo moito interese en publicar esta antoloxía porque pensaba que os textos que a conformaban eran a resposta a certos acontecementos da súa vida.

Contén 42 poemas agrupados en catro epígrafes, que dan idea do seu contido: "Da fala e do castrapo", "Da guerra", "Do exilio" e "Poemas, poemiñas, descordos e poemoides".

Daniel, que lonxe estamos do teu soño:  
do pantrigo, con mel e con manteiga,  
pra a merenda dos louros picariños,  
das "marelas", de enxebre pedigree,  
vivas fontes de manteigoso celme,  
dos castiros a inzaren as encostas,  
dos outeiros coroados de carballos,  
das maceiras en flor e os limoeiros,  
das adeas vermellas das cardeiras,  
dos liñares de azuis salferidos,  
das vizosas cortiñas e bacelos...

- A quen se dirixe o autor no poema? Cres que esa persoa é o guieiro do título?
- Xogamos a ver quen sabe o significado destes verbos?

<https://portaldaspalabras.gal/xogo/verbos-do-sono-do-gueiro/>



"O soño do guieiro", *Galicie infinda*

- En 1946 Florencio preséntase a un certame de tradución organizado pola Federación de Sociedades Galegas de Buenos Aires e será un dos gañadores, xunto a Plácido Castro e a Lois Tobío. O premio materializouse en 1949 no libro *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*. Este non será o único traballo seu centrado na tradución; como nos recorda Héctor Cajaraville no seu libro, Florencio traduciu tres pezas fundamentais da lírica contemporánea:

"Le cimetière marine" de Paul Valéry  
"Le bateau Ivre" de Rimbaud  
"O captain, my captain" de Walt Whitman

- Investigade na Rede ata descubrirdes en que idiomas podemos atopar estes textos.
- Considerades que era unha tarefa importante amosar textos da literatura universal? Por que? Credes que ten que ver coa dignificación da lingua galega?
- Traducide algún texto da poesía universal ao galego e traducide algún poema de Florencio a outro idioma que coñezades.

- A súa teima pola lingua levouno a iniciar un labor lexicográfico. Empezou a recoller un vocabulario de voces e usos da lingua en Valdeorras, que titulou "Vocabulario valdeorrés. Palabras, ditos e falas da xente valdeorresa". Este traballo quedou inacabado. Asociade as seguintes palabras que aparecen nel co seu significado:

|                  |                                           |
|------------------|-------------------------------------------|
| A Cachicán       | 1 Cantiga, canción                        |
| B Caborco        | 2 Fermoso insecto que vive nos regueiros  |
| C Botelo         | 3 Nádegas                                 |
| D Cachelas       | 4 Barranqueira, val estreito              |
| E Cabalo do demo | 5 Embutido feito co estómago do porco     |
| F Cantarena      | 6 Mamífero insectívoro cuberto de espiñas |
| G Cacheiro       | 7 Mollar espaxando a auga                 |
| H Abatigar       | 8 Criado ou servidor de confianza         |

- A semellanza de Florencio, create un vocabulario con palabras e expresións xenuínas da vosa comarca.

00:10



Florencio Delgado Gurriarán

O\_REGRESO



En 1968, Florencio Delgado regresa por fin a Valdeorras. Pasaran 32 anos desde que deixara Galicia e, aínda que o ditador seguía vivo, o réxime comezara un período de apertura que permitía pensar na recuperación democrática. Reuniuse coa familia e cos amigos e quixo coñecer a situación política da man dos compañeiros de partido, mais sobre todo encheu os seus ollos da terra amada.

En 1976, fai a segunda viaxe, con Celia, a súa muller. Cando estaban a piques de regresar a México, o corazón dálle un aviso e el, republicano e galeguista, debe quedar ingresado no Hospital Francisco Franco de Madrid. "Cousas da vida", como diría Castelao.

En 1981, na súa derradeira visita, a Real Academia Galega concédelle a medalla de Membro Correspondente e o Instituto Estudos Valdeorreses noméao Membro de Honra, dúas fermosas homenaxes antes do seu pasamento en California, en 1987.



O REGRESO

■ Olla a biografía e responde:

- Cantas viaxes fai Florencio a Galicia?
- En que datas?
- Que recoñecementos recibe Florencio na derradeira visita?
- Que cambios nota Florencio na nosa terra?
- O Instituto de Estudos Valdeorreses (IEV) ten como obxectivo investigar e divulgar a cultura valdeorresa. Cal é a relación de Florencio con esta institución?

■ Florencio foi nomeado membro correspondente da Real Academia Galega (RAG) en 1981. Preme na seguinte ligazón e procura información sobre esta institución para poderes responder as cuestións que aparecen a seguir:

[https://www.xunta.gal/real-academia-galega?langId=gl\\_ES](https://www.xunta.gal/real-academia-galega?langId=gl_ES)

- En que ano se crea a RAG?
- Cal é o seu principal obxectivo?
- Nomea algúns presidentes da institución. Cal é o actual?
- Nomea algún académico e algunha académica.



■ Hai tempo que nas redes podemos atopar microvídeos educativos que, co apoio de debuxos, contan de maneira comprimida unha parte da historia. Xa tedes moitos datos sobre a vida e obra de Florencio. Seríades quen de facer o voso propio vídeo informativo?

Se preferides o deseño, podedes intentar crear unha banda deseñada.

Non dubidedes en compartir nas redes sociais os vosos traballos!

**E TI CANTO SABES DE...  
FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN?**



Agora con este xogo de Genial.ly podes descubrir canto sabes de Florencio, da súa vida, da súa obra e do papel que tivo na época que lle tocou vivir.

<https://view.genial.ly/623b73df9c032100134b0491>

## BIBLIOGRAFÍA DO AUTOR

- Delgado Gurriarán, Florencio (1934). *Bebedeira*. Santiago de Compostela: Nós.
- Delgado Gurriarán, Florencio (2022). *Bebedeira*. Vigo: Galaxia.
- Delgado Gurriarán, Florencio (1981). *Cantarenas*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- Delgado Gurriarán, Florencio (1963). *Galicia infinda*. Vigo: Galaxia.
- Delgado Gurriarán, Florencio (2022). *Galicia infinda*. Vigo: Galaxia.
- Delgado Gurriarán, Florencio (1986). *O soño do guieiro*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- Delgado Gurriarán, Florencio (2022). *O soño do guieiro*. Vigo: Galaxia.
- VV. AA. (1996). *Cancioneiro da loita galega*, Partido Galeguista de México. Edición facsimilar. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.

## SOBRE O AUTOR PARA ELABORAR A GUÍA E OS CARTEIS

- Alonso Girgado, Luís *et al.* (2008). *Saudade. Verba galega nas Américas*. México DF 1942-1953. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Alonso Montero, Xesús (2022). *Florencio Delgado Gurriarán. Poeta na terra, na guerra e no exilio*. Vigo: Galaxia.
- Alonso Montero, Xesús e Villar, Miro (1999). *Guerra Civil (1936-1939) e literatura galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- VV. AA. (1980). *Cadernos do Instituto de Estudos Valdeorreses, 1. O Barco de Valdeorras* (Ourense): Edicións Peymar.
- Cajaraville, Héctor (2022). *Florencio Delgado Gurriarán. Polos vieiros da saudade*. Vigo: Xerais.
- Gurriarán, Ricardo (1999). *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- Martínez López, R. (1987). *A literatura galega no exilio*. Ourense: Fundación Otero Pedrayo.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1990). *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Edicións Xerais.
- Pérez Pérez, Tania e Campos Álvarez, Xosé Ramón (2022). *Florencio Delgado Gurriarán. Nosa Galicia é máis que toda a terra*. Vigo: Ir Indo.
- Rodríguez Fer, Claudio (1990). *Poesía galega, crítica e metodoloxía*. Vigo: Edicións Xerais.
- VV. AA. (1989). *Vieiros* (edición facsimilar). Vigo: A Nosa Terra Edicións. Prólogo de Margarida Ledo Andión.

## WEBGRAFÍA

- "A importancia da lousa. Minaría sostible de Galicia". <https://www.youtube.com/watch?v=IIP1E5XWFT0>
- "Entrevista a Florencio Delgado Gurriarán realizada na cidade de Guadalajara por Dolores Pla". <https://mediateca.inah.gob.mx/repositorio/islandora/object/entrevista%3A884>
- "Letras Galegas e Delgado Gurriarán". <https://www.rtve.es/play/videos/telexornal-galicia/letras-galegas-delgado-gurriaran/6375032/>
- "Alonso Montero e Ricardo Gurriarán no Barco de Valdeorras". <https://www.youtube.com/watch?v=-B6VGRvj9YM>
- Consello da Cultura Galega: "1916-1950. Xeración Nós: o raio transparente". <http://consellodacultura.gal/cdsg/loia/historia.php?idioma=1&id=42>
- Real Academia Galega: "Aniversario do Seminario de Estudos Galegos". <https://academia.gal/-/aniversario-do-seminario-de-estudos-galegos>
- "As mulleres no Seminario de Estudos Galegos". <http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=211>
- "As irmandiñas: as mulleres esquecidas das Irmandades da Fala". <https://praza.gal/cultura/irmandinas-as-mulleres-esquecidas-das-irmandades-da-fala>
- "Cuevillas e a xeira de Deza". [http://www.musarquourense.xunta.es/peza\\_mes/cuevillas-e-a-xeira-de-deza/](http://www.musarquourense.xunta.es/peza_mes/cuevillas-e-a-xeira-de-deza/)
- "As Irmandades da Fala". <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/as-irmandades-da-fala>
- "Soneto a Alexandre Bóveda na voz de Alonso Montero". <https://www.youtube.com/watch?v=VisLCXfseVQ>
- "Alexandre Bóveda". <http://alexandreboveda.gal/alexandre-boveda>
- "A fazaña da liberdade". <https://www.youtube.com/watch?v=eWa8J8YSr1g>
- Revista *Vieiros*. [https://gl.wikipedia.org/wiki/Vieiros\\_\(revista\)](https://gl.wikipedia.org/wiki/Vieiros_(revista))
- "Carlos Velo". <http://www.fundacioncarlosvelo.com/biografia.html>
- "O castiñeiro morto". <https://vimeo.com/624242569>
- "Real Academia Galega". [https://www.xunta.gal/real-academia-galega?langId=gl\\_ES](https://www.xunta.gal/real-academia-galega?langId=gl_ES)
- Xogos interactivos. <https://portaldaspalabras.gal/xogo/de-bebedeira-e-o-seu-lexico/>  
<https://portaldaspalabras.gal/xogo/verbos-do-sono-do-guieiro/>





XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21-22